

Os socialistas atribúen o brote de sarna do HULA aos recortes de persoal e medios e á privatización de servizos

Juan Carlos González Santín reclama a revisión dos protocolos de actuación logo de constatar a existencia de 14 casos no mesmo centro hospitalario

SANTIAGO DE COMPOSTELA, 15 DE XULLO DE 2014. O deputado socialista Juan Carlos González Santín sinalou hoxe aos recortes de persoal e medios e á privatización de servizos como causantes do brote de sarna rexistrado no Hospital Lucus Augusti e que afectou a 14 persoas. O deputado socialista preguntoulle por este caso á conselleira de Sanidade na sesión de control ao Goberno galego que tivo lugar hoxe no Pleno do Parlamento.

González Santín sinalou que a forte presión asistencial que está a vivir dito centro, cun aumento constante do número de pacientes a atender, a pesares do esforzo na atención por parte do persoal, aumenta a probabilidade de cometer erros. Reclamou “outro tipo de xestión” por parte do goberno galego, que ao reducir o número de traballadores provoca perda de calidade na atención.

Sinalou que o persoal do centro “dispón de mais voluntarismo que medios” e sinalou a un “problema de xestión, procedemento ou medios” da sanidade pública. Ademais, a privatización dos servizos de lavandería ou limpeza, engadiu, “pode provocar que as empresas adxudicatarias, no seu afán por reducir custes, non utilicen os materiais adecuados ou mesmo defectuosos”.

Por estes motivos, o deputado socialista reclamou que o goberno galego cambie o seu modelo de xestión para facer fronte a un “problema sanitario e de riscos laborais”, e engadiu que “cando menos terá que revisar o protocolo” de prevención e actuación que non puido impedir o contaxio do brote entre o persoal do centro.